



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO  
(A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2024.**

**ASISTENTES**

**ALCALDESA**

Ana M<sup>a</sup> López Fernández

**CONCELLEIROS/AS  
GRUPO PP**

Alberto Balado Ramonde  
Laura García Ruíz

**GRUPO PSG-PSOE**

José M. Alonso Pumar  
Jonathan I. Miranda Lucas  
M<sup>a</sup> José Fraguela López

**GRUPO BNG:**

Carlos Castro Durán  
Pablo Fraguela Casás

**AUSENTES:**

Miguel A. Pérez Fraguela  
Miriam Rodríguez Fernández  
Nuria Oliveira Álvarez

**SECRETARIA**

Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA :**

Ausente

Na Casa do Concello, ás doce horas do día trinta de decembro de dous mil vinte e catro, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M<sup>a</sup> López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben



## ORDE DO DIA:

- 1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DE MARIA JOSÉ FRAGUELA LÓPEZ COMO CONCELLEIRA DO GRUPO SOCIALISTA (2024/X006/000132)
- 2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 28/11/2024.
- 3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + ADICIONAL 1 2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.
- 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL PARA O EXERCICIO 2023.

---

## 1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DE MARIA JOSÉ FRAGUELA LÓPEZ COMO CONCELLEIRA DO GRUPO SOCIALISTA (2024/X006/000132)

O Concello, por acordo do Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 28/11/2024, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Carmen Fraguela del Rio do posto de concelleira do PsdeGA.

O Concello solicitou á Xunta Electoral Xeral que lle foran enviadas as credenciais do seguinte na lista das eleccións municipais celebradas en data 28/05/2023: Alberto Iglesias Fraguela, renunciando éste de forma anticipada á toma de posesión o 12/12/2024.

Recibida a credencial da seguinte concelleira (M<sup>a</sup> José Fraguela López) pola Xunta Electoral Central.

Acreditada pola Secretaría xeral que, de conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o interesado da cumprimento, antes da súa toma de posesión, ao rexistro de intereses sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como o rexistro de intereses de bens patrimoniais

O Pleno corporativo, por unanimidade dos membros presentes,

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da toma de posesión de MARIA JOSÉ FRAGUELA LÓPEZ do cargo de concelleira do Partido Socialista, en substitución de Carmen Fraguela del Rio.



A continuación, en cumprimento do procedemento legalmente establecido, a nova concelleira nova presta xuramento do seu cargo.

A Alcaldesa dalle a benvida á nova Corporación.

## **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 28/11/2024.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 28/11/2024 enviadas a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non existindo observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes na mesma, coa abstención de M<sup>a</sup> José Fraguela López, por non asistir á mesma.

## **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + ADICIONAL 1 2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

Vista a proposta da C.I de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado de 23/12/2024, que di:

*Vista a convocatoria do POS+ ADICIONAL 1/2025 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.*

*A C.I de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado emite o seguinte DITAME:*

*1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:*

<b>Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025</b>	43322,78
<b>Dato notificado que figura no seu expediente</b>	

€



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	530.000	370.000	160.000	43322,78 €	116.677,22
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025</b>	530.000	370.000	160.000	43.322,78	116.677,22

#### IMPORTE SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	43322,78 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)</b>	<b>43322,78 €</b>



2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O portavoz do BNG agradecer á Deputación provincial esta axuda e recrimina á Xunta de Galicia que continúe facendo deixadez das súas funcións en materia de dependencia. Solicitan que se busquen outros tipos de investimentos para facilitar a labor das empregadas municipais, e que se lle consulte a elas.

A Alcaldesa comenta que a Xunta de Galicia coñece o problema pero a dificultade que ven dende o goberno central, xa que se lle adebeda á Xunta unha cantidade importante para estes servizos. Que hai que insistir aos que gobernan na Xunta pero se dende o goberno central non aportan os recursos que deben dende fai tempo que resulta complicado.

José M. Alonso comenta que van a votar a favor xa que se trata de un gasto de servizos sociais básico e necesario, e plantexa unha cuestión que tocou en parte o concelleiro do BNG, o feito de invertir parte dos cartos en mellorar as condicións laborais das traballadoras, xa que no anterior pleno a Alcaldesa indicou que había moitas baixas laborais, preguntalle á Alcaldesa a qué cre que se deben o número tan elevado de baixas.

A Alcaldesa resposta que se trata de un traballo difícil, pero porque haiba máis traballadoras non significa que o problema se resolva, que vai seguir habendo baixas porque se trata dun traballo complicado, e que hai que tratar de mellorar o servizo.

José M. Alonso di que a maioría das baixas son de carácter físico, e pregunta se habería forma de habilitar máis mecanismos de axuda física xa que o tipo de emprego supón un esforzo físico e que iso xenera moitas baixas.

A Alcaldesa di que normalmente cando hai esa necesidade, dende o Concello se prestan camas articuladas.

Pregunta José M. Alonso se se entregaron novas camas articuladas nos domicilios últimamente.

Alberto Balado comenta que hai pendientes de entrega camas articuladas, e que hai que ir a buscalas a Ferrol, xa que se van a entregar en algún domicilio.

José M. Alonso di que as aportacións do Estado e da Xunta de Galicia resultan insuficientes, e que ningún



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



*Concello debería de poñer cartos nesta materia porque a lei o di expresamente. A continuación comenta unha nota de prensa na que se indica que Galicia invirte por persoa en servizos sociais menos que a media do Estado. Tamén agradece á Deputación que conceda estes cartos, aínda que tampouco é competencia dela, e que unha vez mais as Administracións locais, entre elas a Deputación, que están a gastar parte dos seus orzamentos de gastos en cousas que non deberían, xa que non son competencia propia.*

*O pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, aproba a proposta anterior.*

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL PARA O EXERCICIO 2023.**

*Vista a proposta da Alcaldía de data 20/12/2024, que establece:*

*Vista a Conta Xeral do exercicio 2023, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*

*Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2023, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.*

*Visto que se remataron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.*

*Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 25/11/2024 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2023.*

*Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 229, de data 27/11/2024, a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público e os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.*

*Visto que non se formularon alegacións á Conta Xeral, segundo consta no certificado de Secretaría de data 20/12/2024.*

*Esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de*

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** *Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.*



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



**SEGUNDO:** *Dar conta da relación de reparos formulados pola Intervención municipal durante o exercicio 2023.*

**TERCEIRO:** *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

A Alcaldesa comenta que a conta xeral estivo exposta ao público e que se trata de aprobala neste Pleno.

Carlos Durán comenta que eles van a votar a favor da conta pero para facilitar as cousas do Concello e non porque estean de acordo. Engade que comezan o ano 2025 con un orzamento prorrogado do 2020, e que unha concelleira de Gondomar lle comentou que nese Concello levan cos orzamentos prorrogados dende o ano 2012. Pide ao equipo de goberno que se poñan como meta elaborar os orzamentos porque vaise a converter nun escollo para avanzar como Concello.

A Alcaldesa di que están traballando no tema e que procurarán presentalos o antes posible.

José M. Alonso comenta que a conta xeral é un reflexo do balance da Intervención, e di que o feito de non aprobar a conta dentro do ano natural que impediría ao Concello acceder a subvencións. Que o equipo de goberno arriscou moito deixando a conta xeral para o último día de ano porque se alguén chega a presentar unha soa alegación que non se aproba en prazo, e que isto foi unha manobra terriblemente arriscada e case unha frivolidade. Piden que se faga unha incorporación de remanentes para servizos sociais, e que se no exercicio 2024 a conta da ben que tamén se faga, e explica que o resultado do 2023 resulta positivo en case medio millón de euros.

A Alcaldesa dille que cando non hai cartos, que no orzamento non se poden cambiar os remanentes.

José M. Alonso dille que iso é falso, que o establece o Ministerio de Facenda.

A Alcaldesa comenta que había moitas facturas pendentes de pago cando entraron.

José M. Alonso pregúntalle canto deu a conta de resultado, e a Alcaldesa resposta que case medio millón de euros.

Pregúntalle Alonso Pumar porqué non se pode facer.

Ana M<sup>a</sup> López di que cando entraron no Concello o orzamento que era cero, e que lles dixeron que se tiñan



que axustar xa que non había cartos para chegar a finais de ano, e que non lle diga á poboación cousas que non son.

José M. Alonso dille que cando tomou posesión se presentou un arqueo cos fondos que había.

A Alcaldesa insiste que cando entrou a gobernar que a Intervención lle dixo que non había cartos.

José M. Alonso di que foi alcalde oito anos, e que sabe o que se pode tocar e o que non. Que colleron un Concello con un millón e medio de débeda, e que en agosto do ano 2015 pagaron a primeira letra do crédito.

A Alcaldesa dille que llo ten que agradecer ao BNG.

José M. Alonso pide que se reincorporen cartos aos servizos sociais cos 500.000 euros de remanente positivo que hai. Insiste en que o día que eles abandoaron a Alcaldía que asinaron un acta de arqueo, no que se indicaba o que había nas contas do banco e que se quere a Alcaldesa, que lle trae o dato o próximo día.

Ana López di que a ela tamén lle ensinaron ese acta de arqueo pero que lle dixeron que eses cartos que non se podían tocar, e que non faga dubidar á poboación.

José M. Alonso di que quen goberna toma as decisión.

A Alcaldesa dille que hai que deixarse asesorar ás veces.

Dille Alonso Pumar que iso é certo.

Toma a palabra Jonathan Miranda, dille á Alcaldesa que confunde liquidez con orzamento, e preguntalle se sabe cales foron os ingresos no Concello no ano 2023, e dille que no 2023 o Concello de Cariño ingresou arredor de 930.000 euros máis do que gastou, e que unha parte importante corresponde ao Idae, pero que o resultado do exercicio cos axustes que foron máis de 300.000 euros, e que por iso ten o que ten de remanente, insiste en que non confunda liquidez con orzamento, xa que ela tomou posesión con seiscentos mil e algo de euros e que despois a liquidez que seguiu medrando.

José M. Alonso dille que pode acabar os catro anos e converter ao Concello no Banco de España, pero que tamén hai que invertir.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

**ACORDA:**



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



**PRIMEIRO:** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

**SEGUNDO:** Dar conta da relación de reparos formulados pola Intervención municipal durante o exercicio 2023.

**TERCEIRO:** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as doce horas e vinte e nove minutos.

A Alcaldesa

A Secretaria

Asdo.- Ana M<sup>a</sup> López Fernández

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

Asinado dixitalmente

